

BASES DE PARTICIPACIÓN DO MERCADO MEDIEVAL A CARBALLEIRA

1.- OBXECTO DAS BASES

O obxecto destas bases é a regulación dos requisitos e condicións, así como do procedemento para a participación no Mercado Medieval A Carballeira - Ourense.

2.- OBXECTIVOS DO MERCADO MEDIEVAL A CARBALLEIRA

- Contribuír á conservación da cultura e tradición.
- Favorecer ás actividades produtivas de carácter local e artesanal.
- Promocionar os produtos locais elaborados artesanal, garantindo a veciños e visitantes produtos de calidade.
- Promover o intercambio de experiencias entre veciños, visitantes produtores, transformadores, distribuidores, asociacións e artesáns, xerando un espazo propicio para a creación de redes de consumo, distribución, troco e intercambio.
- Recuperar a praza do Sagrado Corazón como lugar emblemático para as relacións sociais, as transaccións económicas, o troco e os intercambios artísticos e culturais.
- Proporcionar unha continuidade nas convocatorias, coordinando ademais a realización deste tipo de eventos con outras localidades da contorna.
- Aproveitar as novas tecnoloxías da información e a comunicación para a organización, difusión, engrandecemento e mellora do mercado.
- Contribuír á consolidación de empresas artesás con capacidade de permanencia e identificación co territorio.

3.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Ser persoa física, empresa e/ou institución sen ánimo de lucro cuxas actividades se correspondan coas que a continuación se especifican e cumprir cos requisitos legais para o desenvolvemento da súa actividade:

- **ARTESANÍA.**- Os produtos teñen que ser realizados polo propio artesán ou empresa solicitante. Os materiais usados teñen que ser de orixe natural. Acreditarase a condición de artesán mediante presentación do carné de artesán expedido pola Comunidade Autónoma correspondente, ou, na súa falta, mediante declaración xurada en a que declaren que a elaboración de todos os produtos expostos son realizados polo titular do posto de maneira artesanal.
 - **SAÚDE E BENESTAR.**- Cosmética e hixiene natural, hábitat saudable, terapias naturais e alternativas, remedios naturais
 - **TECIDOS E CALZADO.**- Tecidos e materiais de orixe biolóxica, natural e reciclaxe natural. Só se admitirán o uso de tinguiduras naturais
 - **TURISMO.**- Turismo rural, ecoturismo..., propostas para o lecer e tempo libre baseadas en criterios de respecto e protección do medio.
 - **OUTROS.**- Calquera outra actividade que non se inclúa nos sectores anteriores e que desexa participar na Feira como expositor deberá presentar os motivos polos cales considera que os seus produtos ou servizos son aptos para a súa exposición en Mercado Medieval A Carballeira e a Organización decidirá sobre a súa admisión.
 - Prohibidos os produtos de revenda a non ser os autorizados pola organización e que non fagan competencia cós artesanais.
- Queda reservado o dereito de admisión

4.- NORMAS XERAIS

- Nas presentes bases o termo "Expositor" representa a calquera persoa física ou xurídica que conte con espazo na Feira. O termo "Organización" representa a Asociación de Veciños O Castelo da Carballeira.

BASES DE PARTICIPACIÓN DO MERCADO MEDIEVAL A CARBALLEIRA

- MERCADO MEDIEVAL A CARBALLEIRA celebrarase o 15, 16 e 17 de xuño e situarase na Praza do Sagrado Corazón e na rua Nicomedes Pastor Diaz (dende o final da Rua Fernandez Alonso ata a propia praza do Sagrado Corazón).
- A admisión de solicitudes fundamentarase no número de emprazamentos dispoñibles, diversificación dos produtos expostos e maior adecuación ao carácter do evento.
- Os Expositores poderán propoñer á organización actividades e talleres que completen o avance de programación da Feira.
- Non está permitida a revenda nin a venda de produtos de segunda man (excepto antigüidades), nin a venda de animais domésticos, nin de substancias que atenten contra a saúde pública.
- A Organización será responsable da distribución dos postos, atendendo a criterios de conveniencia e funcionalidade.
- O mesmo día da Feira, a Organización indicará aos Expositores a localización precisa do posto cun plano e número pintado no chan.

5.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

- A solicitude para participar no mercado medieval realizarase única e exclusivamente por correo electrónico: feriasourense@gmail.com. No momento que se solicite seranlle enviados os documentos precisos para cubrir y deberá adxuntar toda a documentación que se solicita.
- O prazo de presentación de solicitude e documentación estará aberto ata as 14:00 horas do mércores 13 de xuño de 2018, a presentación da solicitude no prazo indicado non implica a súa participación, terase en conta o orden de presentación.
- A firma e presentación da solicitude, no caso de ser aceptado, constitúe un compromiso por parte do solicitante da súa asistencia e de aceptar e acatar as normas específicas do mercado.
- Presentarase o modelo de solicitude e unha declaración responsable na que o interesado manifesta:
 - 1º Que todos os datos son certos
 - 2º Que os produtos que expoñerá e/ou venderá corresponden a producións de pequena escala, e que se obtiveron de maneira artesanal e/ou ecolóxica (seguindo o proceso que se deberá indicar)
- O solicitante que non entregase a solicitude no prazo indicado quedará sin posibilidade de participar no mercado.
- Deberá aportar sempre a fotocopia do DNI ou CIF, carta de artesán, selo ecolóxico ou rexistro sanitario, fotocopia do seguro de autónomo e copia do seguro de RC
- Deberá enviar, xunto á solicitude, fotografías dos produtos que vende
- Teranse en conta na valoración das solicitudes a oferta de realización dalgún tipo de actividade ou taller.
- A contestación aos seleccionados remitirase por correo electrónico ou confirmará por teléfono segundo se vaian recibindo...

6.- COTA DE PARTICIPACIÓN

Establécese unha cota de participación para os tres días de 60 euros por caseta de como máximo 3 metros lineais en concepto de participación no MERCADO NAVIDEÑO A CARBALLEIRA e a partir de 3 metros lineais deberán consultar cá organización. O importe será ingresado por transferencia bancaria unha vez confirmada a asistencia e sempre antes do día da feira. O número de conta bancario será a nome da asociación de veciños O Castelo e facilitarase no momento da admisión.

BASES DE PARTICIPACIÓN DO MERCADO MEDIEVAL A CARBALLEIRA

O destino do importe ingresado por cada participante, así como, se os houber, os procedentes de colaboradores e/ou patrocinadores será destinado a actividades de promoción, decoración e instalación da Feira.

7.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO

- Os Expositores comprométese a manter a actividade da caseta durante os días e horas de apertura ao público segundo sinálase a continuación:

Venres 15 de xuño de 2018: de 11:00 horas a 21:00 horas

Sábado 16 de xuño de 2018: de 11:00 horas a 21:00 horas.

Domingo 17 de xuño de 2018: de 11:00 horas a 21:00 horas.

8.- OBRIGACIÓNS DOS EXPOSITORES

- Respetar as normas establecidas nestas bases para o correcto funcionamento da Feira e as indicacións dos organizadores

- Montar a caseta a partir das 8:00 horas e antes das 11:00 horas da mañá do día do mercado e desmontalo a partir das 21:00 horas do último día.

- Durante a execución dos traballos de montaxe e desmonte do posto, respectar os chans e os equipamentos urbanos. Calquera dano producido será afrontado por a empresa infractora. Se ten algunha dúbida á hora de realizar a decoración da súa caseta non dubiden en consultar como facelo e solicitar a oportuna autorización.

- Comunicar antes do 13 de xuño de 2018 á Organización, a renuncia do Expositor á súa participación na Feira.

- A decoración dos postos ten que ser de tipo Medieval.

- Deberan levar unha prolongación eléctrica para conectar os postos uns a outros.

- Non se poderán pechar postos adxudicados, nin ceder a terceiras partes, excepto baixo a autorización da Organización.

- Estar en posesión do carné de manipulador de alimentos, expedido pola Consellería competente en caso de venda de produtos alimenticios.

- Acatar as indicacións que poidan realizarse por parte da Organización, Protección Civil, Bombeiros, Policía Local e demais autoridades competentes para o correcto funcionamento da actividade.

- Ser responsables exclusivos dos seus propios bens ante calquera perda, roubo ou dano ocasionado á parada, mobiliario ou produtos que expoñen ou veden, polo que a Organización exímese de calquera responsabilidade.

9.- DISPOSICIÓNS XERAIS

- A Organización cede espazo na Feira aos Expositores que resulten seleccionados, en ningún caso, cederá ou facilitará mobiliario aos mesmos.

- Todos os Expositores por o feito da súa inscrición, aceptan os requisitos, disposicións e condicións recollidos nas presentes Bases de Participación en MERCADO MEDIEVAL A CARBALLEIRA .

- Toda infracción a calquera das presentes Bases poderá motivar a exclusión inmediata, temporal ou definitiva do Expositor.

- A Organización resérvase o dereito de determinar a decisión respecto de todos os casos non previstos ou que parezan dúbidosos nas presentes Bases.